

I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

DECRETO 42/2020, do 30 de xaneiro, polo que se modifican determinadas disposicións vixentes en materia de augas.

A intervención humana no dominio público hidráulico e na súa zona de policía está suxeita ás funcións de supervisión e control por parte da Administración hidráulica competente que, no ámbito da demarcación hidrográfica Galicia-Costa corresponden á entidade pública empresarial Augas de Galicia nos termos establecidos nos artigos 4, 6 e 11 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, que desenvolven a competencia exclusiva que atribúe á Comunidade Autónoma o artigo 27.12 do Estatuto de autonomía para Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, cando as augas discorran integramente dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.22 da Constitución española.

As ditas funcións maniféstanse a través da técnica autorizatoria como elemento de control previo ao inicio da actividade. Con carácter xeral, o texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, e o Regulamento do dominio público hidráulico, que desenvolve os títulos preliminar I, IV, V, VI e VII da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, establecen procedementos con trámites e prazos certamente rigorosos e amplos, acordos coa importancia do ben público protexible. No entanto, en determinadas circunstancias, como son as relativas a intervencións de mínima entidade e nula repercusión no dominio hidráulico, acudir á figura da autorización previa pode dar lugar a impor cargas administrativas innecesarias aos promotores, tanto suxeitos públicos como particulares, que se traducen pola súa vez en dilacións temporais non desexadas.

A esta finalidade –a de reducir as cargas administrativas á cidadanía– respondeu a disposición adicional segunda do Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia e se regulan determinadas cuestións en desenvolvemento da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, cando substituíu a autorización administrativa pola declaración responsable no suposto das actuacións menores de mantemento e conservación do dominio público hidráulico, entendendo por tales as retiradas de árbores mortas, podas e outros elementos que reduzan a capacidade do leito ou contribúan á súa degradación.

Coa presente modificación continúaase nesa liña de mellora e simplificación na tramitación administrativa, ampliando agora o dito catálogo de actuacións menores suxeitas a



declaración responsable coa incorporación doutro tipo de actuacións que, esencialmente, podemos definir como actuacións de mantemento e conservación de instalacións e infraestruturas xa existentes, sen alterar o seu volume, estrutura ou funcionalidade.

Trátase en definitiva, de introducir os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia no réxime de autorizacións no dominio público hidráulico e na súa zona de policía, que, sen menoscabo da regulación dos usos que afecten o dominio público hidráulico, permitan compatibilizar a necesaria supervisión administrativa coa simplificación nos trámites para aqueles supostos en que as actuacións pretendidas non impliquen alteracións substanciais do relevo natural do terreo, non supoñan un obstáculo para a corrente en réxime de avenidas e non poidan ser causa de degradación ou deterioración do dominio público hidráulico en xeral.

Por outra banda, o artigo 24 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, detalla o ámbito espacial de cada unha das zonas hidrográficas en que se divide o territorio de Galicia, e remítese no apartado 3 aos planos que contén o anexo do estatuto.

A Orde TEC/921/2018, do 30 de agosto, pola que se definen as liñas que indican os límites cartográficos principais dos ámbitos territoriais das confederacións hidrográficas de acordo co establecido no Real decreto 650/1987, do 8 de maio, polo que se definen os ámbitos territoriais dos organismos de bacía e dos plans hidrolóxicos, utiliza as mellores tecnoloxías dispoñibles para a traza cartográfica das liñas divisorias principais que delimitan o ámbito territorial dos organismos de bacía, sinalando que deberá ser a utilizada de xeito que os ámbitos territoriais dos organismos de bacía e as demarcacións hidrográficas deben adecuar e axustar as súas actuacións ao sinalado na cartografía a que se refire a orde, que se concreta no arquivo dixital das liñas divisorias principais que publica o ministerio competente en materia de dominio público hidráulico, no seu nodo da infraestrutura de datos espaciais, baixo a denominación «Límites cartográficos de las confederaciones hidrográficas», polo que resulta necesario modificar o artigo 24 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, e suprimir os mapas que recollía o anexo, para adaptalo á normativa vixente.

Por último, modifícase o anexo II do Regulamento marco do servizo público de saneamento e depuración de augas residuais de Galicia, aprobado polo Decreto 141/2012, do 21 de xuño, co fin de eliminar determinadas contradicións que contén en relación co anexo I, para os parámetros de ácido sulfhídrico, ácido cianhídrico e cloro.



Na súa virtude, por proposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, de acordo co Consello Consultivo de Galicia e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día trinta de xaneiro de dous mil vinte,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. Modificación do Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia

O Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, queda redactado como segue:

Un. O número 3 do artigo 24 queda redactado como segue:

«3. O territorio da demarcación hidrográfica Galicia-Costa, de cada unha das zonas hidrográficas desta demarcación e de cada un dos seus sistemas de explotación detállase na dirección electrónica da páxina web do sistema de información IDE-DHGC (Infraestrutura de datos espaciais da demarcación hidrográfica Galicia-Costa), que estará dispoñible desde a dirección electrónica da páxina web corporativa do organismo de bacía Augas de Galicia (na actualidade <https://augasdegalicia.xunta.gal>)».

Dous. Suprímese o anexo do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia.

Artigo segundo. Modificación do Decreto 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do servizo público de saneamento e depuración de augas residuais de Galicia

O anexo II do Regulamento marco do servizo público de saneamento e depuración de augas residuais de Galicia, aprobado polo Decreto 141/2012, do 21 de xuño, queda redactado como segue:

«ANEXO II**Verteduras limitadas**

Parámetro	Valor límite	Unidades
pH	5,5 - 9	
1, 2 dicloroetano	0,40	mg/l
Aceites e graxas	100,00	mg/l



Parámetro	Valor límite	Unidades
Aldehidos	2,00	mg/l
Aluminio	10	mg/l
Amoníaco	30,00	mg/l
AOX ⁽¹⁾	2,00	mg/l
Arsénico	1,00	mg/l
Bario	10,00	mg/l
Boro	3,00	mg/l
BTEX ⁽²⁾	5,00	mg/l
Cadmio	0,10	mg/l
Chumbo	1,00	mg/l
Cianuros	0,50	mg/l
Cianuros disoltos	1,00	mg/l
Cloruros	2.000,00	mg/l
Cobre	3,00	mg/l
Conductividade eléctrica (25 °C)	5.000,00	µS/cm
Cor	Inapreciable en dilución 1/30	
Cromo hexavalente	0,5	mg/l
Cromo total	2,00	mg/l
DBO5	500,00	mg/l
DQO	1.000,00	mg/l
Dióxido de xofre	15,00	mg/l
Estaño	3,00	mg/l
Fenois totais	1,00	mg/l
Ferro	10,00	mg/l
Fluoruros	10,00	mg/l
Fosfatos	60,00	mg/l
Fósforo total	40,00	mg/l
Hidrocarburos	15,00	mg/l
Hidrocarburos aromáticos policíclicos	0,20	mg/l
Manganeso	5,00	mg/l
Materias inhibidoras	20,00	equitox
Mercurio	0,01	mg/l
Níquel	2,00	mg/l
Nitratos	50,00	mg/l
Nitróxeno amoniacal	30,00	mg/l



Parámetro	Valor límite	Unidades
Nitróxeno total Kjeldahl	40,00	mg/l
Nonilfenol	1,00	mg/l
Percloroetileno	0,40	mg/l
Pesticidas	0,10	mg/l
Praguicidas totais	0,10	mg/l
Selenio	0,50	mg/l
Sólidos en suspensión	500,00	mg/l
Sulfatos	400,00	mg/l
Sulfuros disoltos	0,30	mg/l
Sulfuros totais	1,00	mg/l
Temperatura	30,00	°C
Tensioactivos aniónicos ⁽³⁾	6,00	mg/l LSS
Triacinas totais	0,30	mg/l
Tributilestaño	0,10	mg/l
Triclorobenceno	0,20	mg/l
Zinc	2,00	mg/l

⁽¹⁾ Poderán observarse valores superiores de AOX naqueles casos en que se cumpran os valores de organoclorados individualizados deste anexo II.

⁽²⁾ Suma de benceno, tolueno, etilbenceno e xileno.

⁽³⁾ Substancias activas co azul de metileno expresadas como lauril sulfato sódico (LSS)».

Artigo terceiro. Modificación do Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia e se regulan determinadas cuestións en desenvolvemento da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia

Modifícase a disposición adicional segunda do Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia e se regulan determinadas cuestións en desenvolvemento da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional segunda. *Actuacións menores de mantemento e conservación*

1. Considéranse actuacións menores de mantemento e conservación do dominio público hidráulico, as seguintes:

a) A retirada de árbores mortas e as podas de árbores que impidan accesos ao leito ou á súa servidume de paso, sempre que non impliquen perda do substrato arbóreo da ribeira.



b) A retirada de árbores mortas e as podas de árbores que reduzan a capacidade do leito.

c) A retirada de elementos arrastrados pola corrente que obstrúan o leito e especialmente nas obras de paso sobre ela, ou que constitúan un elemento de degradación ou contaminación do dominio público hidráulico.

d) O mantemento das seccións de medición de caudais das redes oficiais de estacións de medición.

2. Considéranse actuacións menores de mantemento e conservación na zona de policía de leitos fluviais, as seguintes:

a) En infraestruturas:

1º. A reparación de fochancas ou a renovación de camiños de servizo, veciñais, agrícolas, forestais ou pecuarios, con saburra do mesmo material que o existente no trazado.

2º. As obras de mantemento ou de mellora da rede viaria pública tales como a renovación de capas de rodadura, mantemento, conservación e reperfilación de cunetas.

3º. Os tendidos soterrados de redes de abastecemento de auga, sumidoiros, de electricidade, de gas ou de telecomunicacións, agás cando para a súa execución sexan precisos movementos de terras que superen o concepto de apertura de gabias, sempre que estean dentro da zona de dominio público da infraestrutura correspondente.

4º. A colocación e substitución de carteis informativos ou de sinalización, sempre que respondan a modelos oficiais aprobados polo órgano ou entidade pública competente, sempre que estean dentro da zona de dominio público da infraestrutura correspondente.

Non terán a consideración de actuacións menores en infraestruturas:

1º. As ampliacións de estradas ou camiños nin calquera outro traballo que implique un movemento de terras.

2º. A ampliación de obras de drenaxe ou calquera outra actuación sobre elas distintas da estendedura dunha nova capa de rodadura.

3º. O arranxo de infraestruturas de servizos que impliquen un movemento de terras.



b) En edificacións e vivendas, as actuacións consistentes en pintura, revestimento ou impermeabilización de fachadas, cambio de fiestras ou substitución de tellados e outras actuacións de similares características que en ningún caso desvirtúen a tipoloxía, forma e volume.

Non terán a consideración de actuacións menores, nos supostos de edificacións e vivendas situadas en zona de servidume, así como nos supostos en que a realización dos traballos indicados precise ocupar con elementos auxiliares (tales como estadas ou guindastres) a zona de servidume.

c) Os seguintes tipos de peches:

1º. Pastor eléctrico para gardar animais.

2º. Permeables de malla ou similares.

Non terán a consideración de actuacións menores:

1º. Os peches que se atopen localizados en zona de servidume.

2º. Os peches con zócolo.

3. A execución das actuacións menores referidas nos números 1 e 2, cando se realicen no ámbito da demarcación hidrográfica Galicia-Costa, requirirán a presentación previa dunha declaración responsable. Estas actuacións teñen a consideración de usos permitidos para efectos da normativa ambiental salvo as previstas nos puntos 2.a).3º e 2.c).1º e 2º, que requiriran autorización da autoridade competente en materia de ambiente.

Na declaración responsable o/a promotor/a declarará, baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos establecidos na normativa vixente, que dispón da documentación que así o acredita, que a porá á disposición da Administración cando lle sexa requirida e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante a execución das actuacións. A dita declaración deberá dirixirse á entidade pública empresarial Augas de Galicia, segundo o modelo normalizado que se aprobe.

4. Augas de Galicia poderá requirir en calquera momento que se achegue a documentación que acredite o cumprimento dos mencionados requisitos e o/a interesado/a deberá achegala.



A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore á declaración responsable, ou a non presentación ante Augas de Galicia da declaración responsable ou da documentación que sexa, se for o caso, requirida para acreditar o cumprimento do declarado, determinará a imposibilidade de continuar coa execución da actuación desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houber lugar.

Así mesmo, a resolución de Augas de Galicia que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do/da interesado/a de restituír a situación ao momento previo ao comezo da actuación correspondente.

5. A execución de actuacións que non teñan a consideración de menores segundo esta disposición, que requiran o outorgamento de autorización previa segundo o disposto no Regulamento do dominio público hidráulico, que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V, VI e VII da Lei 29/1985, do 2 de agosto.

6. Promoverase a colaboración coas entidades locais para a execución destas actuacións. Augas de Galicia comunicará aos concellos as declaracións responsables presentadas para actuacións menores que se realicen nos respectivos termos municipais».

Disposición adicional única. *Valoración de indemnizacións en materia de augas*

O Xurado de Expropiación de Galicia emitirá informe preceptivo para determinar a valoración das indemnizacións que procedan na imposición de servidumes de acueduto, estribo de presa e de parada ou partidador, así como as de paso a que se refire o capítulo I do título II do Regulamento do dominio público hidráulico, que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V, VI e VII da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, cando a competencia corresponda ao organismo de bacía da demarcación hidrográfica Galicia-Costa.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación de desenvolvemento*

Autorízase a persoa titular da consellería competente en materia de augas para ditar cantas disposicións resulten necesarias para o desenvolvemento e a aplicación do presente decreto.



Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

O presente decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, trinta de xaneiro de dous mil vinte

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Ethel Vázquez Mourelle
Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade

